

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xaneiro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día 15 de xaneiro dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(18).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(19).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS COMPLEMENTARIOS PARA A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS. EXPTE. 14147/331.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.01.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Quedar enterada das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de contratación:

En sesión celebrada o 23-10-2013 do licitador AVANZA EXTERNALIZACIÓN DE SERVICIOS, S.A., por non presentar documentación que acreditará a solvencia técnica, nin que o obxecto social da empresa ten relación directa co obxecto do contrato.

En sesión celebrada o 02-12-2013 dos licitadores EULEN, S.A. e V-2 COMPLEMENTOS AUXILIARES, S.A. Por non acadar a puntuación mínima esixida para a oferta técnica (22,5 puntos), de acordo co apartado 8.E da FEC do prego de cláusulas administrativas que rexe a presente licitación,

SEGUNDO.- : Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas. (exped 14147-331)” no seguinte orde decrecente:

LTM SERVIZOS BIBLIOTECARIOS, S.L. 71 PUNTOS

TERCEIRO.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar LTM SERVIZOS BIBLIOTECARIOS, S.L. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.
- Acreditación de que dispón dos medios persoais que vai a adscribir a execución do contrato esixidos no apartado 6 e) das follas de especificación do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 630,96 € en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

3(20).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO CENTRO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 3927/336.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.01.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Quedar enterada da exclusión acordada pola Mesa de contratación celebrada o 13.11.2013 do licitador ALENTIS V2, S.A por non acreditar a súa solvencia técnica por canto da relación de traballos realizados algúns se referen a contratos con obxecto distinto ó que se licita.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico. (expediente 3927-336)” no seguinte orde decrecente:

EMPRESA	TOTAL VALORACIÓN MEDIANTE FÓRMULA	TOTAL VALORACIÓN MEDIANTE XIUZO DE VALOR	TOTAL PUNTOS
ATLANTIC PONTE2000 S.-L.U	74,17	3,60	77,77
XOMA INICIATIVAS SOCIAIS S.L.U	37,42	18,80	56,22
PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L	38,59	6,20	44,79

TERCEIRO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar Atlantic Ponte 2000 S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRL-CSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.
- Acreditación de que dispón dos medios persoais e materiais que vai a adscribir a execución do contrato esixidos no apartado 6 e) das follas de especificación do contrato anexas ao prego de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 640,26 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

4(21).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DE SEGURIDADE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE EN CENTROS E ACTIVIDADES DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA. EXPTE. 457/341.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.01.14, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación dos servizos de vixilancia de seguridade e mantemento de instalacións de seguridade en centros e actividades da Rede Museística e Expositiva. (expediente 457-341)" no seguinte orde decrecente:

1.- Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, S.A.	93,50 puntos.
2.- Servicios de Seguridad Integral y Mantenimiento A-1 S.L.	73,77 puntos.
3.- Vigilancia Integrada S.A.	67,53 puntos.
4.- Securitas Seguridad España, S.A.	67,04 puntos.

SEGUNDO.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Compañía de Protección y Vigilancia Galaica, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

TERCEIRO.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 641,78 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.